

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 22 DE FEBREIRO DE 2024**

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: **2024/00009203A.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00009800F.**

Autorizar e dispoñer do importe das bolsas de comedor e de actividades extraescolares dos meses de setembro e outubro do 2023, e das bolsas de material escolar para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2023-2024.

Acórdase:

1) Autorizar e dispoñer polo concepto de bolsas de COMEDOR escolar nas súas modalidades de carencia de recursos e de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, os importes de 38.175,00 euros e 42.651,00 euros, correspondentes, respectivamente, aos meses de setembro e outubro do 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/24.

2) Autorizar e dispoñer polo concepto de bolsas de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES na súa modalidade de carencia de recursos económicos, o importe de 11.136,33 euros, correspondente ao mes de outubro do 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/24

3) Autorizar e dispoñer polo concepto de bolsas de material escolar polo importe total de 7.098,54 € que irá con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/24.

4) Aprobar a desestimación das xustificacións recollidas no informe.

5) A suma total das xustificacións de comedor, actividades e material escolar irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/2024, polo importe total de 99.060,87 euros, mediante un documento RC a tramitar pola Oficina de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, con cargo ó exercicio 2024. Quedará pendente a incorporación de remanentes do exercicio do ano 2023 polos conceptos indicados na proposta de resolución.

6) Que a tramitación do procedemento se axusta ás bases aprobadas, que as persoas beneficiarias propostas reúnen os requisitos requiridos nas bases da convocatoria e que os xustificantes esixidos compren os requisitos previstos das BEO, xa que acreditan a correcta aplicación da subvención á súa finalidade.

7) Que consta na documentación que obra en poder deste servizo, que as persoas beneficiarias se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e que non están incursas en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que a maioría das xustificacións cumpren co prazo de presentación establecido nas Bases da convocatoria e co previsto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención. A este respecto, remitímonos ao informe técnico emitido, no que se detallan tódalas datas de presentación.

8) Que na base 20 da Convocatoria e de acordo co artigo 18 da LXS: “1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20”.

Conforme ao sinalado na base 4 da convocatoria, a condición de persoas beneficiarias se refire as unidades familiares (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria, polo que conforme ao disposto polo artigo 20 da LXS a remisión da correspondente información á BDNS realizarase en función destas persoas beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas.

9) Que ditas axudas estarán exentas de tributación na sede da persoa beneficiaria da mesma no caso de cumprírense os requisitos establecidos no artigo 7.y) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda dos non Residentes e sobre o Patrimonio.